MONTE LOURO

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 1, volta ao monte Louro: 5,5 km
2, monte Louro, cantís, duna e lagoa: 5,5 km
3, ruta completa: 7 km.
Dificultade: baixa
Duración: 3/4 horas

Monte Louro desde o mar.

Penedos con formas curiosas

Unha ruta para gozar de fermosas vistas da praia de Area Maior, a lagoa das Xarfas e a ría de Noia. Para descubrir curiosas formacións graníticas e unha rica flora e fauna dunar e de marisma.
COMO CHEGAR: desde San Francisco (Muros) cóllese a estrada indicada ao Faro de Monte Louro. Pódese facer unha ruta circular curta desde o Faro e volver polo monte de Pedras Louras, ou pola praia e a beira da lagoa. A opción máis larga, e tamén a máis variada, é percorrer a praia e rodear a lagoa, deixando o coche na estrada xeral.

Vista desde Monte Louro sobre a praia de Area Maior a a lagoa das Xarfas.